

## PLAN DE TRABAJO 2024/2025

### 6º E.I A/B (5 ANOS)

Este plan de trabajo corresponde ao curso 2024/2025 e está configurado en base ao currículo establecido no *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O eixo do plan de trabajo é a concepción que temos do alumnado partindo das seguintes premisas:

- Concibímolos como un **ser global** e, polo tanto, interésanos o desenvolvemento da súa personalidade, das súas relacións sociais e das aprendizaxes máis significativas de cada área establecidas no currículo.

A nosa meta é o **DESENVOLVEMENTO GLOBAL E HARMÓNICO** de cada neno/a. Por iso a nosa programación fará referencia ás tres áreas de desenvolvemento:

1. Comunicación e Representación da Realidade.
2. Crecemento en Harmonía.
3. Descubrimento e Exploración da Contorna.

- Cada un parte do seu **propio esquema conceptual e emocional**, é dicir, ten coñecementos da realidade previos á súa experiencia escolar, vencellados ás súas vivencias persoais e polo tanto diferentes e únicos, coma o seu propio potencial.
- Un aspecto que teñen en común todos os nenos/as é o seu **interese polo xogo**. Xogando imitan o mundo do adulto e a través desta imitación aprenden.
- Cada neno/a ten o seu propio ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe, coas súas necesidades, características persoais, intereses e estilo cognitivo; todo o cal se debe respectar.

Unidos á concepción do alumno/a están os nosos principios metodolóxicos que guiarán o noso que facer diario:

- **Individualización:** posibilitando a cada alumno/a traballar ao seu propio nivel e ritmo, dende as súas capacidades e dende a situación na que se atopa.
- **Socialización:** a interacción cos demais fainos avanzar, modificar os nosos esquemas, por iso todas as actividades expostas son contextos sociais.
- **Actividade:** pretendendo propiciar que teñan unha mente activa, experta, con iniciativa e curiosidade gañando día a día en autonomía e seguridade en si mesmos.

- **Creatividade:** tentaremos fomentarla en todos os campos, para que cada alumno/a saque o que leva dentro e sexa consciente da súa peculiaridade.
- **Liberdade:** inculcando respecto cara o dereito que cada un ten a elixir, pensar e manifestarse como é, sen invadir o dereito dos/as demais e respectándoos.
- **Normalización:** tentaremos que o neno/a capte o espazo que o rodea e a súa contorna, sabendo desenvolverse neles.

Para conseguir todo isto seguiremos a traballar nos nosos **RECANTOS** ou espazos vivenciais delimitados en distintas zonas na aula na que os/as nenos/as traballarán de forma simultánea en pequenos agrupamentos. Todos os traballos programados nos recantos serán a través de actividades-xogo, propostas vitais onde os materias se interrelacionan. As propostas serán de carácter funcional e cada unha terá o seu método de traballo, que indica ó alumnado o xeito de levar a cabo o traballo. Estes recunchos son flexibles, e poderán ir modificándose e/ ou medrando ao longo do curso. Ademais, no desenvolvemento dos mesmos, irán introducíndose propostas directamente vencelladas cos proxectos que irán xurdindo no curso. Tamén outras relacionadas coa observación e a experimentación, coa pretensión, neste caso, de ofrecer un medio estimulante para incrementar as experiencias do alumnado, desenvolvendo capacidades perceptivas e de investigar, de preguntarse o porqué das cousas, traballar as causas e efectos de cousas cotiás, das estacións, dos fenómenos atmosféricos, do paso do tempo nos seres vivos, etc. A través de experimentos e experiencias onde se converterán en pequenos e pequenas investigadoras.

Realizaranse tamén **OBRADOIROS** que consisten na realización de pequenos desafíos que potencian a investigación-acción e onde se traballarán aspectos relacionados coas tres áreas curriculares de forma manipulativa e motivadora.

Cabe sinalar que as rutinas neste curso académico 2024/2025 realizaranse tendo presente a nova normativa. Un día nas nosas aulas sería:

- **Rutinas de entrada:** Cambio de calzado para estar cómodos na aula, buscar o día na axenda, colocar as pertenzas e sentarse na asemblea.
- **Asemblea:** tempo de conversa e diálogos espontáneos tendo en conta as normas que rexen os intercambios lingüísticos, xogos de estimulación da linguaxe, tempo para organizar as actividades do día; tempo para adquirir normas e hábitos de convivencia e resolución de conflitos; tempo para a realización de pequenos problemas matemáticos e de calculo mental; actividades de estimulación da lectoescritura, entre outros.

- **Recantos:** traballamos autonomamente con diferentes propostas para os recantos e actividades relacionadas cos proxectos que xorden na aula.
- **Obradoiros:** propostas recollidas no noso libro de desafíos de Tarrío.
- **Especialidades:** Música, Educación Física, Inglés, Relixión/ Atención Educativa.
- **Aseo:** lavamos mans, cambio de calzado.
- **Merenda/ Recreo.**
- **Aseo:** lavamos mans, cambio de calzado.
- **Pequeno momento de relaxación para a volta a actividade.**
- **PLSS** ou lectura do conto con actividades orais e/ou dixitais.
- **Xogos en recantos e outras experiencias.** Actividades potenciadoras da competencia dixital (CD) con tablets ou EDI (Encerado Dixital Interactivo).
- **Asemblea final,** recordar o traballado, o vivido ao longo da xornada, o que imos facer mañá, resolución de conflitos.
- **Aseo:** lavamos mans, cambio de calzado.
- **Comedor / Casa.**

## COMO TRABALLAMOS?

Distinguimos diferentes formas de traballar nas nosas aulas: **RUTINAS, RECANTOS, TRABALLO INDIVIDUAL e XOGOS EN GRAN GRUPO.**

1. **RUTINAS:** Son momentos concretos do día dedicados ao coidado e hixiene persoal e o coidado e limpeza de aula e materiais. Son tamén momentos dedicados a organizar e planificar o día a día, o calendario, que se vai facer hoxe, tarefas e responsabilidades do encargado/a da aula...
2. **RECANTOS:** Son espazos e propostas de actividades delimitados en distintas zonas da aula onde o alumnado en pequenos grupos traballan de forma simultánea. Permiten:
  - Aprender a través do xogo fundamentalmente.
  - Respetar os diferentes ritmos do alumnado posto que o material que alí se presenta ten diferentes funcións e posibilidades segundo o que cada neno e nena necesiten.
  - Apoiarse entre todos. Podendo tamén traballar a nivel individual.

Nas nosas aulas os recantos cos que inicialmente contamos son os relacionados con:

- **Lóxica-matemática:** ao organizar este espazo pretendemos ofrecer un soporte para o traballo e comprensión dos diferentes elementos da representación matemática: os números e a súa cuantificación, conxuntos e clasificación, medición, ordenación... a través do razoamento e da manipulación.
  - **Lectoescritura e biblioteca de aula:** neste espazo pretendemos crear as condicións necesarias para facilitar o achegamento tanto ao proceso comunicativo como á lectoescritura. Así os nenos e nenas poderán experimentar con xogos e creación de letras, palabras e textos con significado para eles. A través do recanto podemos adaptarnos aos diferentes ritmos do alumnado na aproximación da lectoescritura para ir traballando pouco a pouco.
  - **Xogo simbólico e minimundos:** nestes recantos, os nenos/as simulan situacións da vida real empregando diferentes obxectos aos que lles dan carácter lúdico. Podendo tamén recrear diferentes ambientes e mundos.
  - **Exposicións artísticas:** este recanto permítelles os nenos e nenas experimentar con diferentes útiles e soportes, e deixar ceibe a imaxinación. A filosofía deste recuncho é imaxinar, experimentar e crear con infinidade de materiais e perspectivas.
3. **TRABALLO INDIVIDUAL:** Aínda que o traballo por recantos sexa o noso sinal de identidade, tamén haberá momentos de traballo individual, en que cada neno e nena teña que realizar algún traballo ou proposta asumidos simultaneamente en pequeno grupo. Isto favorece unha interacción máis personalizada entre o alumno/a e a mestra, facendo fincapé en fortalezas e debilidades en cada traballo.
4. **XOGOS EN GRAN GRUPO:** Outras das maneiras que temos de aprender son os xogos en gran grupo. Estes son momentos nos que a mestra propón algún xogo para facer entre todos relacionado sobre todo con temas de lóxica matemática e do mundo das letras, de maneira que se potencie principalmente o aprender xogando, pero tamén a convivencia, a colaboración entre todos e todas, a participación, etc. Algúns exemplos son: proxecto documental integrado (PDI), a asemblea final, ou os xogos no patio.

Para isto, imos seguir diferentes metodoloxías que podemos resumir nos seguintes puntos:

**-PROXECTOS VIVENCIADOS:** Isto significa que os proxectos que se leven a cabo na aula, por exemplo o Proxecto Documental Integrado de centro, van considerar os intereses dos nenos e nenas en relación co mesmo, podendo partir de, cousas que lles chamen a atención, dúbidas do que queiran saber, etc. Isto favorece principalmente o interese en aprender, pero tamén a autonomía e a capacidade de decisión posto que o proxecto vai tomando forma segundo o que os nenos e nenas van demandando e chegando a conclusión diferentes. Estes proxectos poden levar todo o curso, ou un mes... porque non teñen un tempo delimitado depende do interese dos alumnos e alumnas. A súa finalidade é esa, aprender vivindo.

**-APRENDIZAXE POR DESCUBRIMENTO E OBSERVACIÓN:** a nosa maneira de aprender será a través de experimentar e xogar cos materiais e as súas diferentes posibilidades para chegar de maneira individual e grupal ao coñecemento. Isto implica que moito material será de uso común con caixas de tesouros, bandexas e caixas sensoriais, experimentos, minimundos..., e en ocasións puntuais poderase levar ese coñecemento ao papel.

## COMO AVALIAMOS?

Levaremos a cabo unha avaliación que nos centraremos nos procesos de aprendizaxe do neno e nenas e non tanto dos resultados finais.

Será unha avaliación cualitativa que reflicta como vai desenvolvendo o alumno/a as súas capacidades e competencias, por iso non son avaliacións cuantitativas baseadas en valores numéricos.

Os instrumentos de avaliación que empregaremos variarán en tipoloxía, sendo o principal a observación directa por parte do profesorado en diferentes momentos da xornada e o análise. E ademais, teranse en conta a información aportada polas familias a través das diferentes canles de comunicación que existen con elas, así como tamén dos outros mestres e mestras que participan da vida da aula.

## COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

O propósito desta área é promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Aínda que se lle dará un carácter prioritario á linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais, tamén se continuará promovendo a aproximación á linguaxe escrita e á literatura infantil. Ademais, tamén se incidirá no achegamento ás diferentes linguaxes artísticas: musical, plástica e corporal e; continuarase o proceso de alfabetización dixital.

COMPETENCIAS	CONTIDOS	MATERIAIS
Competencia en comunicación lingüística, Competencia plurilingüe, Competencia dixital, Competencia persoal, social e de aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Participaremos en diferentes situacións lingüísticas axeitando o noso rexistro e vocabulario propio das diferentes linguas, construíndo un discurso máis organizado e coherente (inglés, castelán e galego).</li> <li>● Seguiremos a traballar a comprensión de mensaxes e instrucións e a expresión de ideas, emocións e pensamentos a través da linguaxe oral, atendendo a tódalas súas dimensións (vocabulario, fluidez, expresión, entoación, adecuación, estruturas ...).</li> <li>● Continuaremos co achegamento á lingua escrita e a comprensión lectora con textos significativos e funcionais, con diferentes propósitos do nodo día a día: recoller información, gozo,...</li> <li>● Traballaremos a produción de textos escritos respectando as características e etapas nas que se a topan todos e ca da un dos nosos alumnos/as .</li> <li>● Seguiremos compartindo a lectura e escoita de textos literarios expresando gustos, preferencias, opinións e emocións que producen.</li> <li>● Utilizaremos as diferentes linguaxes e elaboraremos creacións artísticas usando diferentes materiais e técnicas, valorando as producións propias e alleas de forma crítica e respectuosa.</li> <li>● Interactuaremos de forma virtual, familiarizándonos co uso responsable e manexo das ferramentas dixitais (tablets, PDI, robótica).</li> <li>● Gozaremos da nosa biblioteca de aula como fonte de información e gozo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Contos. Libros. Curas. Vídeos. Cancións</li> <li>● Libros de divulgación. Material audiovisual.</li> <li>● Xogos lingüísticos (adiviñas, trabalinguas, rimas, refráns, pareados,...)</li> <li>● Revistas , Xornais e Folletos de propaganda. Textos variados: cartas, correos, mensaxes, poesía, receita,...</li> <li>● Libreta persoal de escritura.</li> <li>● Obradoiros (follas de rexistro).</li> <li>● Letras móbiles en maiúscula e minúscula, con diferentes tipoloxías.</li> <li>● Xogos dos nomes, xogos de letras, bits, láminas ,tarxetas, xogos de conciencia fonolóxica.</li> <li>● Block persoal de arte.</li> <li>● Material funxible: pinturas, cartolinas, pagamento, pegatinas,...</li> <li>● Encerado dixital con xogos e programas que consoliden as nosas aprendizaxes, Tablets, beetbot, mesa de luz, luz negra,...</li> </ul>

## CRECIMENTO EN HARMONÍA

O propósito desta área é promover o coñecemento do propio proceso de construción persoal, permanente e continuo das persoas que involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia. Durante os primeiros anos aparecen diversos sentimentos e emocións, ao tempo que as nenas e os nenos conforman a súa propia imaxe e a autoestima, que serán a base do logro progresivo da autonomía.

COMPETENCIAS	CONTIDOS	MATERIAIS
<p>Competencia persoal, social e de aprender a aprender, Competencia cidadá, Competencia emprendedora</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Traballaremos a identificación e representación do corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes: facendo sinxelas descrições persoais e doutros , describindo diferenzas e semellanzas entre persoas, valorando positivamente a diversidade ou logrando un esbozo da figura humana diferenciado intentando respectar as súas proporcións.</li> <li>● Seguiremos a traballar o coñecemento do noso corpo, aceptando a nosa identidade e creando unha imaxe positiva e axustada ás nosas posibilidades; desenvolvendo o equilibrio, a coordinación no movemento e a percepción sensorial.</li> <li>● Identificaremos e manifestaremos os propios sentimentos, vivencias, emocións desenvolvendo destrezas para resolver conflitos cotiás, adquirindo un nivel mínimo de tolerancia á frustración.</li> <li>● Participaremos con iniciativa en actividades colectivas e xogos, aceptando as regras que os rexen, cooperando e aceptando as diferenzas individuais evitando actitudes discriminatorias.</li> <li>● Traballaremos para aprender a resolver con iniciativa, constancia e autonomía rutinas e tarefas da vida na aula , planificando e organizando a nosa acción de forma respectuosa e tolerante, respectando as normas e identificando situacións de risco.</li> <li>● Aumentaremos os nosos hábitos de saúde, hixiene e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Zonas persoais da aula.</li> <li>● Materiais das Rutinas de aula. Pantalla dixital interactiva, calendario, e organización diaria, tarxetas, paneis do encargado/a.</li> <li>● Recanto da calma</li> <li>● A nosa libreta persoal: evolución do esquema corporal.</li> <li>● Materiais elaborados pola titora.</li> <li>● Fotos, imaxes, vídeos , cancións,...</li> <li>● Cordas, gomas, canicas, bolos,...</li> <li>● Xogo simbólico: cociña, clínica, supermercado,...</li> <li>● Materiais do espazo de aprendizaxe do hall de Infantil, que irá mudando segundo a actividade concreta.</li> <li>● Materiais elaborados para o PDI, que este curso tratará sobre a saúde e, máis concretamente, en E. I. , sobre o corpo humano.</li> </ul>

## DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

O propósito desta área é favorecer o proceso de descubrimento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais da contorna, concibida como un elemento provocador de emocións e sorpresas, tratando que, xunto co seu progresivo coñecemento, os nenos e nenas adopten e desenvolvan actitudes de respecto e valoración sobre a necesidade de coidar e protexer o medio.

COMPETENCIAS	CONTIDOS	MATERIAIS
<p>Competencia matemática, Competencia STEAM, Competencia persoal, social e de aprender a aprender, Competencia emprendedora, Competencia en conciencia e expresión culturais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Continuaremos o noso traballo ao redor dos números e de todas as súas posibilidades.</li> <li>● Dende situacións da vida cotiá faremos comparacións, representaremos cantidades, faremos asociacións, ordenacións, estimacións, coleccións; contaremos , xogaremos cos números, descompondremos os números, tomaremos medidas, usando o corpo, elementos da nosa contorna e outros materiais.</li> <li>● Seguiremos a traballar as formas xeométricas en plano e con volume, identificándoas na nosa contorna.</li> <li>● Iniciarémonos no plano. Representando así graficamente o espazo a través de diferentes soportes (debuxos, fotografías, mapas ...) e aplicando as nocións básicas espaciais e familiarizándonos coa linguaxe topolóxico.</li> <li>● Continuaremos a traballar o recoñecemento das nocións temporais básicas, ordenando temporalmente feitos da súa propia vida.</li> <li>● Seguiremos achegando e desfrutando da nosa contorna e comunidade de forma respectuosa, descubrindo e valorando o noso patrimonio cultural e natural como fonte de aprendizaxe.</li> <li>● Iniciarémonos na metodoloxía STEAM, utilizando a toma de decisións, programando a secuencia de accións para a resolución de tarefas e retos sinxelos, participando de forma colaborativa e activa.</li> <li>● Introducirémonos no método científico coa formulación de hipóteses, observación, experimentación e elaboración de conclusións propias.</li> <li>● Continuaremos a traballar o comportamento en pequeno grupo e en gran grupo, promovendo actitudes de respecto, empatía, asertividade e tolerancia favorecedoras da convivencia positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Números en diferentes soportes (madeira, foam, magnéticos...).</li> <li>● Elementos da contorna (pedras, paus de cores, froitos,...).</li> <li>● Xogos de mesa (parchís, damas, barallas, dominós, bingos, dados, quebracabezas, 3 en raia,...)</li> <li>● Xogos de lóxica e clasificación, asociación: regretas, bloques lóxicos, policubos, dominós, lego, ...</li> <li>● Ensartables, apilables e encaixables.</li> <li>● De precisión e medida : reloxo, calendario, cronómetro, cordas , metro, termómetros, xarras, balanzas, lentes, regras ...</li> <li>● Materiais elaborados na aula para traballar numeración: táboas numéricas .</li> <li>● Saídas e actividades de convivencia.</li> <li>● Minimundos: madeiras, bonecos, animais, tubos, elementos naturais,..</li> <li>● Obradoiros (follas de rexistro).</li> <li>● Material manipulativo (tapóns, pompóns) e de refugallo. Mapas, planos, globos terrestres...</li> <li>● Coco-loco, libros, contos,...</li> <li>● PDI e programas, Cámara de fotos, tablets, beetbot.</li> </ul>



